

Universidade de Vigo -  
Rexistro Xeral

Sala de Convocatorias  
21/03/2011 14:01

RESOLUCIÓN REITORAL DO 31 DE XANEIRO DE 2011 DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLA QUE SE PUBLICA UNHA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA PARTICIPAR NO CURSO INTENSIVO ERASMUS WISDOM (Web Data Mining) QUE TERÁ LUGAR EN VILNIUS (LITUANIA) EN MARZO DE 2011.

O Programa de Aprendizaxe Permanente é o programa da Unión Europea no ámbito do aprendizaxe permanente. No marco deste programa pódense presentar proxectos para desenvolver cursos intensivos (IP), que son programas de estudos de curta duración no que participan estudantes e persoal docente de institucións de ensino superior de diferentes países participantes co obxectivo de fomentar o ensino eficaz e multinacional sobre temas especializados, permitir que estudantes e persoal docente traballen en grupos multinacionais e permitir que membros do persoal docente intercambien puntos de vista sobre o contido educativo e novos enfoques curriculares, e que proben métodos docentes nun entorno académico internacional.

Na convocatoria de 2010, o Mechelen University College (Bélxica) presentou un proxecto de curso intensivo titulado WISDOM (Web Data Mining) coa Universidade de Vigo como universidade participante. O proxecto foi aprobado e o curso desenvolverase en Marzo de 2011 no Vilnius College of Higher Education (Lituania), xunto con outras das universidades participantes.

En virtude de todo isto, esta Reitoría

RESOLVE:

Publicar unha convocatoria de 5 bolsas destinadas a estudantes da Escola Superior de Enxeñería Informática, tanto do seu primeiro ciclo, como do segundo ciclo, como dos Graos e Másters que alí se imparten.

**BASES DA CONVOCATORIA**

1.- Requisitos dos/as solicitantes:

Os requisitos xerais para todos/as os/as estudantes da Universidade de Vigo son os seguintes:

- Estar matriculados/as na Universidade de Vigo no curso 2010/11 en calquera dos cursos oficiais que se imparten na ESEI.
- Ter un nivel medio de coñecementos de inglés.
- Ser cidadáns dalgún dos 27 países membros da UE, Islandia, Liechtenstein e Noruega, ou dun país candidato á adhesión ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de refuxiado en España.

2.- Duración do estadia:

O curso intensivo terá lugar do 21 de marzo ao 1 de abril de 2011 en Vilnius (Lituania).

### 3- Financiamento:

3.1.- Axuda de viaxe (fondos europeos e co-financiación da Universidade de Vigo):

A Universidade de Vigo farase cargo dos gastos de viaxe do profesor e dos estudantes. Os gastos de viaxe financiarase con cargo á partida orzamentaria OR11 121D ERA 226.99.

3.2.- Axuda da Unión Europea

A Katholieke Hogeschool Mechelen, universidade coordinadora do Programa Intensivo Erasmus "WISDOM: Web Dada Mining" delega a financiación de fondos na Universidade que actuará como sede do curso Vilniaus Kolegija Vilnius-Lituania quen financiará cos fondos europeos recibidos para a xestión do programa os gastos de aloxamento e manutención dos/as estudantes participantes no curso.

### 4- Solicitudes e documentación:

O formulario de solicitude atoparase na páxina web da Oficina de Relacións Internacionais: <http://internacional.uvigo.es>. O/A solicitante deberá cubrir o formulario. Unha vez finalizado o proceso deberá imprimir unha copia que se presentará coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Unha fotografía tamaño carné pegadas nos formularios de solicitude, unha en cada exemplar.
- Curriculum Vitae.
- Copia das certificacións de coñecementos de idiomas segundo o punto 5 desta convocatoria. Os/As estudantes que non presenten ningunha das certificacións solicitadas, deberán realizar unha entrevista á que serán convocados desde a ORL.

### 5.- Coñecementos de idiomas:

O coñecemento do idioma empregado como lingua de ensino na universidade de destino valorarase no proceso de selección dos/as estudantes. Os coñecementos previos poderán acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións (niveis mínimos):

Inglés:

Marco Común Europeo de Referencia: nivel B2 (nivel avanzado da EOI)  
Cambridge First Certificate  
ALTE: nivel 3  
3º curso aprobado na EOI  
Curso Diplomado Maestro, lingua estranxeira inglés  
Trinity: nivel 9  
TOEFL: nivel medio - mínimo 50% - en calquera modalidade  
IELTS: nivel 5.0  
CERTICAP: nivel 60-74  
Pitman en ESOL: nivel intermedio  
City & Guilds en ESOL: nivel "Communicator"  
CELS: nivel "Vantage" en todas as destrezas

No caso de non presentar ningunha certificación que acredite este coñecemento, os/as estudantes deberán realizar unha proba á que serán convocados desde a Oficina de Relacións Internacionais.

6.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta Resolución no rexistro da Universidade de Vigo e rematará ao **7 de febreiro de 2011**.

A solicitude e máis a documentación requirida presentaranse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7.- Resolución e notificación

A selección dos/as estudantes será realizada por una Comisión na que participarán:

- O responsable de Relacións Internacionais da Escola Superior de Enxeñería Informática.
- O coordinador en Vigo das actividades do Wisdom, Manuel Pérez Cota.

Na Escola Superior de Enxeñería Informática publicarase unha relación provisional de bolseiros/as seleccionados/as e concederase un período de reclamación de 5 días.

A Oficina de Relacións Internacionais fará pública unha resolución definitiva motivada co nome dos/as seleccionados/as e dos/as suplentes, podendo ser recorrida esta perante o mesmo órgano que ditou a resolución.

8.- Obrigas dos/as seleccionados/as

Os/As seleccionados/as deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia por escrito na Oficina de Relacións Internacionais nun prazo de 5 días.

As bolsas vacantes seralles adxudicadas directamente aos/as suplentes sen que se produzan modificacións nas prazas xa asignadas e aceptadas polos/as solicitantes seleccionados/as.

Os/As seleccionados/as deberán contratar un seguro de asistencia en viaxes.

9.- Revogación

No caso de que non se leve a cabo a estadia ou parte dela, sen causa xustificada, ou non se entregue a documentación solicitada, o/a bolseiro/a deberá devolver a contía íntegra ou parcial da bolsa. A Universidade de Vigo reservárase o dereito a reclamar o importe da axuda, polo incumprimento das bases desta norma.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

# Universidade de Vigo


Así e todo, o interesado poderá optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 24/06/2010)

O vicerreitor de Relacións Internacionais

Manuel J. Fernández



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.  
Vigo, 31 de xaneiro de 2011

A responsable da Oficina de Relacións Internacionais  
Amelia Rodríguez Piña